



**Deputación
DA CORUÑA**
SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN DE CULTURA
Expediente: PCO.001.2024.00266
Expediente relacionado: 2023000022405

ASUNTO: Proposta de aprobación do prego de prescripcóns técnicas para a contratación do deseño, modelado/debuxo, montaxe audio-visual e programa para a realización dunha aplicación de realidade virtual para a exposición "Regnum totius Gallaeciae. O reino Medieval de Galicia"

ANTECEDENTES

A Área de Cultura desta Deputación, no exercicio das súas competencias no ámbito da cultura e co obxectivo de contribuír ao coñecemento da nosa historia, ven de desenvolver unha serie de iniciativas dirixidas a poñer en valor o pasado medieval de Galicia.

Trátase dun amplo proxecto que se iniciou no ano 2022 e continúa neste ano 2024 no que se realizará unha exposición sobre o Reino de Galicia, tal e como consta na resolución número 2148, de 19 de xaneiro de 2024 pola que se aproba a realización da exposición "Regnum totius Gallaeciae. O reino Medieval de Galicia" nos concellos de Santiago de Compostela e da Coruña e o correspondente orzamento de gastos por importe total de 271.274,48 (IVE incluído) no que se inclúe a realidade aumentada, por importe de 44.770,00€.

Aclarar que no orzamento incluíuse o concepto de gasto de realidade aumentada, cando propiamente se trata de realidade virtual: unha tecnoloxía que permite crear unha experiencia simulada nun ambiente dixital, que pode ser experimentado polo usuario a través dun dispositivo de visualización.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que no art. 36.1.d) que establece como competencias propias das deputacións "La cooperación en el fomento del desarrollo económico y social... de acuerdo con las competencias de las demás Administraciones Públicas en este ámbito".

Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, que no art. 118 inclúe como competencia das deputacións "rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o fomento deles, e, en



especial, os seguintes:...d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.”

Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público. (LCSP)

OBXECTO

Executar os traballos necesarios para realizar o deseño, modelado/debuxo, montaxe audio-visual e programa para unha aplicación de realidade virtual da exposición "*Regnum totius Gallaeciae. O reino Medieval de Galicia*".

A realidade virtual é unha tecnoloxía que permite crear unha experiencia simulada nun ambiente dixital, que pode ser experimentado polo visitante da exposición a través dun dispositivo de visualización. A realidade virtual ten como obxectivo principal proporcionar unha experiencia de inmersión total, na que o usuario se sente transportado a un mundo virtual que se asemella á realidade.

Esta aplicación basearase no guiión literario/descriptivo Guión coroación RV e Ritual de coroación, anexos a este contrato.

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO

A contratación do deseño, modelado/debuxo, montaxe audio-visual e programa para a realización dunha aplicación de realidade virtual para a exposición "*Regnum totius Gallaeciae. O reino Medieval de Galicia*" xustifícase por achegar un gran valor á realización da dita exposición, incorporando novas tecnoloxías que a fan máis atractiva para o público.

AUSENCIA DE MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS

Tendo en conta que a Deputación non dispón de medios persoais e materiais para realizar o deseño, modelado/debuxo, montaxe audio-visual e programa para unha aplicación de realidade virtual da exposición "*Regnum totius Gallaeciae. O reino Medieval de Galicia*", propónse a tramitación dun contrato de servizos.

DIVISIÓN EN LOTES

Debido á natureza do contrato non se estima apropiada a licitación en lotes, xa que, dende o punto de vista técnico, suporía un risco para a súa correcta execución.